

Expediente núm.: 132/2021

Procedemento: Selección de Persoal Laboral Temporal.

Asunto: Selección de Persoal Laboral Temporal mediante o sistema de Concurso de Méritos para a contratación dun/dunha Axente Dinamizador/a do territorio con enfoque de xénero

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do Tribunal para a contratación dun/dunha Axente Dinamizador/a do territorio con enfoque de xénero por un prazo máximo dende a súa contratación ata o 31 de marzo de 2022, en base á subvención concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade, segundo a Resolución do 2 de marzo de 2021 - DOG nº 49, venres 12 de marzo de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, para o ano 2021.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a relación de aspirantes por orde de puntuación proposta polo Tribunal, a cal se transcribe na súa literalidade:

“En Viana do Bolo, a 16 de setembro de 2021, sendo as 11:30 horas, réunese o tribunal de selección, conformado pola Presidenta D^a M^a Dolores Barba Seoane, como Vogais, D. M.^a Isabel González Domínguez e D^a M.^a Isabel Blanco Yáñez e como secretaria, D^a M.^a Asunción Ávila García, para proceder á valoración dos méritos para a contratación de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso de méritos, para a contratación dun/dunha Axente Dinamizador/a do territorio con enfoque de xénero.

Procédese á valoración dos méritos das candidatas remitidas pola Servizo Público de Emprego (SPEG) de Viana do Bolo, segundo a oferta núm. 12-2021-8341:

APELIDOS E NOME	DNI	SITUAC. DESEMPR/ MELLORA	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
NOELA BROZ PRIMO	****9547-V	0	0	34	34
MARISOL MARTÍNEZ SOBRINO	****2899-T	4	0	10	14

O Tribunal propón como persoa para a contratación como Axente Dinamizadora do Territorio con enfoque de xénero a D^a Noela Broz Primo, como persoal laboral temporal polo período comprendido entre o día de contratación e ata o 31 de marzo de 2022.

O acordo foi tomado pola unanimidade dos membros do tribunal absténdose en todo caso a Secretaria que conta con voz pero sen voto.”

SEGUNDO.- Esta Alcaldía en base a baremación efectuada polo Tribunal propón a contratación de **Noela Broz Primo**, por ser a aspirante que acadou a maior puntuación.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que convoque.

Así o dispón e asina o Alcalde – Presidente, en Viana do Bolo na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

